



Concello de A Fonsagrada

Praza do Concello, s/n

27100 A Fonsagrada (Lugo)

Tel.: 982 34 00 00

Proposta de Bases do “3º Concurso de Decoración de Nadal de Fachadas e Xardíns 2022 Concello de A Fonsagrada”

1. Introducción:

Dentro da campaña de Nadal e co obxectivo de ambientar as rúas e pobos do municipio, dende o Concello da Fonsagrada convócase o “3º Concurso de Decoración de Nadal de Fachadas e Xardíns 2022 Concello da Fonsagrada”.

2. Obxectivos:

O presente concurso ten por obxecto promover a participación cidadá do noso Concello, premiando a decoración de Nadal de Fachadas e Xardíns que proporcionen un mellor ambiente festivo, de forma que sexan atractivos para veciños, veciñas e visitantes.

3. Temática:

A temática a desenvolver na decoración será exclusivamente relativa ás Festas de Nadal. Os e as participantes terán plena liberdade en canto á técnica e estilo de decoración das súas fachadas e xardíns, sempre que a decoración e iluminación non supoña un perigo para os e as viandantes. Queda totalmente prohibida a iluminación empregando lume, fachos, candeas ou calquera outro elemento pirotécnico.

A decoración deberá estar instalada e funcionando antes do día **15 de decembro**.

No caso de que se producirse algún desperfecto de material que forma parte da decoración e iluminación durante o período de exposición, será substituído ou retirado, sendo responsabilidade do ou da particular que realizou a montaxe da decoración.

4. Participantes:

Poderán participar no concurso todos **os veciños e as veciñas censadas** no Concello da Fonsagrada. Cada unidade de convivencia poderá presentar unha única fotografía coa decoración de Nadal da fachada, balcón, fiestras e/ou xardín exterior da súa vivenda habitual. Este certame exclúe aos comercios e establecementos que xa teñen un certame dirixido a eles. O ou a concursante polo feito de participar acepta integramente as presentes bases.



Concello de A Fonsagrada

Praza do Concello, s/n

27100 A Fonsagrada (Lugo)

Tel.: 982 34 00 00

5. Modo e prazo de inscricións:

A inscrición será gratuíta. Haberá que enviar unha foto actual da decoración da fachada e/ou xardín ao correo electrónico fachadasfonsagrada@gmail.com. A foto ten que ser actual, orixinal e inédita. Ningunha das fotografías presentadas pode conter persoas . A mesma non levará marcas de auga.

O prazo de envío será ata o día **15 de decembro de 2022**. Nese mesmo correo deben conter o Anexo I incluído nas presentes bases. Nas redes sociais para preservar a privacidade do veciño ou veciña só figurará **o nome da casa e a súa localidade**. Os e as participantes autorizan ao Concello da Fonsagrada a publicar a fotografía da fachada e/ou xardín nas redes sociais do Concello, na web e difundilo á prensa.

6. Desenvolvemento do Certame:

Entre o **16 de decembro de 2022 e o 6 de xaneiro de 2023** publicaremos nun álbum de Facebook as fotos que nos fagan chegar os e as participantes. Nesas datas poderase votar a fotografía que máis guste facendo clic en “Gústame” nesa imaxe.

7. Composición do xurado:

O xurado será popular a través da rede social Facebook. Nesas datas poderase votar a fotografía que máis agrade facendo clic en “Gústame” nesa imaxe.

8. Premios:

O día **7 de xaneiro de 2022 ás 12:00 horas**, as 3 primeiras fotografías con máis “Me gusta” terán un premio.

Os premios serán tres diplomas e as seguintes cantidades económicas en función da clasificación:

1º premio: 150€, 2º premio: 100€ e 3º premio: 50€

Os premios non son acumulables.

Todos e todas as concursantes recibirán un agasallo por participar.

9. Veredicto do concurso e entrega de premios:

O veredicto do xurado farase público nas redes sociais do Concello. Os gañadores ou as gañadoras serán avisados/as telefonicamente. O acto de entrega será na Casa Consistorial.



Concello de A Fonsagrada

Praza do Concello, s/n

27100 A Fonsagrada (Lugo)

Tel.: 982 34 00 00

Os ou as participantes que resulten gañadores/ras autorizan ao Concello da Fonsagrada para poder publicar a fotografía da fachada e/ou xardín nas redes sociais e na prensa unha vez que se coñeza o veredicto do xurado.

O organizador pode declarar deserto este certame por motivos xustificadas e deixar sen efecto a concesión do premio.

10. Aceptación das bases e publicidade da convocatoria:

A participación no “3º Certame de Decoración de Nadal de Fachadas e Xardíns Concello da Fonsagrada”, supón a aceptación das bases, así como o veredicto do xurado. Para o non establecido nas presentes bases aceptárase o disposto pola Concellería de Cultura e Turismo.

11. Protección de datos:

De acordo co establecido no Regulamento UE 2016/679 de Protección de Datos Persoais (RGPD), informámoslle que o responsable do tratamento dos seus datos persoais é o Concello de A Fonsagrada con enderezo en Praza do Concello, S/N, CP 27100, A Fonsagrada (Lugo). Os datos persoais serán empregados para a correcta xestión do 3º Concurso de decoración de Fachadas e Xardíns Nadal 2022 organizado polo Concello. Os seus datos persoais non se cederán, salvo que exista una obriga legal para elo. Vostede ten dereito a acceder, rectificar ou suprimir os seus datos, así como outros dereitos, tal e como se explica na información adicional e detallada de protección de datos, que pode consultar na oficina da entidade sita na dirección arriba indicada ou ben solicitándoa a través da sede electrónica do Concello:

<https://concelloafonsagrada.sedelectronica.es/dossier.2>

ANEXO I SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO 3º CONCURSO DE DECORACIÓN DE NADAL DE FACHADAS E XARDÍNS**1. DATOS DO/A PARTICIPANTE (Ten que estar censado no Concello de A Fonsagrada)**

Nome e apelidos e Nome da Casa			
NIF/NIE/CIF			
Domicilio			
C.P.		Municipio	
Teléfono		Móbil	
Enderezo electrónico			

2. SOLICITA PARTICIPAR NESTE CERTAME DE DECORACIÓN DE NADAL DE FACHADAS E XARDÍNS

En A Fonsagrada, a de do ano

(Firma)

3. INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS

Responsable	Concello de A Fonsagrada
Finalidade	Tramitación de expedientes administrativos.
Lexitimación	Cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos.
Destinatarios	Non se ceden datos a terceiros, salvo imperativo legal.
Dereitos	De conformidade cos artigos 15 a 22 do Regulamento (UE) 2016/679 do parlamento europeo e do consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas, así como os artigos do 12 ao 18 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, os afectados contan cunha serie de dereitos no tratamento dos seus datos persoais, a saber: dereito de acceso, rectificación, supresión, limitación do tratamento, portabilidade e oposición.
Información adicional	Pode consultar información adicional e detallada sobre Protección de Datos na seguinte ligazón: https://www.aepd.es/